



Organización, funcionamento e horario da biblioteca

Propostas de fomento da lectura e desenvolvemento do proxecto lector de centro

2023-2024

Equipa da biblioteca:

- Xaquín Manuel López Campo (Relixión). Coordinador xeral.
- Rosario Rodríguez Fernández (Lingua Castelá e Literatura).
- Diana Aradas Blanco (Lingua Castelá e Literatura): coordinadora do Club de lectura.

Horario:

Hora		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1	08.30 09.20					
2	09.20 10.10			Xaquín López Campo (Coordinación)	Xaquín López Campo (Coordinación)	
1.º recreo 10.10-10.30		Xaquín López Campo	Xaquín López Campo Diana Aradas Blaco (Clube de Lectura)	Xaquín López Campo	Xaquín López Campo Diana Aradas Blanco (Clube de Lectura)	Rosario Rodríguez Fernández
3	10.30 11.20			Xaquín López Campo (Coordinación)		
4	11.20 12.10					
2.º recreo 12.10-12.30		Rosario Rpdriquez Fernández	Rosario Rodríguez Fernández	Rosario Rodríguez Fernández	Diana Aradas Blanco	Diana Aradas Blanco
5	12.30 13.20					
6	13.20 14.10					



Liñas prioritarias de actuación en relación coa organización e a xestión.

- Continuaremos coa xestión dos fondos bibliográficos a través do novo programa informático KOHA de implantación no noso centro en setembro do curso pasado.
- Seguiremos a darlle visibilidade nun espazo específico as lecturas obrigatorias dos distintos departamentos, co fin de facilitarlle ao alumnado a súa localización.
- Continuaremos coa mellora, na medida do posible, do espazo e o mobiliario da biblioteca.
- Seguiremos a renovar e completar os fondos existentes en función das necesidades e actividades dos departamentos, as novidades e preferencias dos lectores. Evidentemente, serán relevantes todas as suxestións que os usuarios, tamén a título individual, nos fagan chegar, ben a través do enderezo electrónico (biblio.moncho.valcarce@gmail.com), da Caixa de Suxestións, ou no propio posto de atención da Biblioteca. Á hora de decidir as novas adquisicións, contarán con prioridade os títulos que os diferentes departamentos establezan como lecturas obrigatorias.
- Solicitaremos dos departamentos as súas suxestións na catalogación do campo “materias”, pola importancia para a consulta da OPAC e a información e a formación de usuarios.
- Procuraremos a implicación dos departamentos na localización e coñecemento dos fondos para a súa incorporación ao rexistro centralizado, segundo a CDU.
- Afondaremos na mellora e actualización do noso blogue (<http://bibliomoncho.blogspot.com>) e potenciaremos a visita e consulta de blogues das distintas bibliotecas escolares dos centros galegos.
- Na medida da dispoñibilidade horaria do persoal, aspiramos a manter a biblioteca aberta un maior número de horas do que estivo este curso académico.
- Continuará a ser función do profesor responsable da biblioteca coordinar e distribuír as diferentes tarefas.
- As normas de funcionamento da biblioteca fundaméntanse no respecto básico ás persoas e ao material. Queremos que a biblioteca sexa un ámbito que promova actitudes responsables e autonomía no uso dos bens comúns que acolle a Biblioteca. As facilidades para o préstamo haberán de seguir a ser totais.
- Atenderemos todas aquelas análises, iniciativas e propostas que se nos fagan chegar.
- Fomentaremos a expresión e a creatividade a través das distintas actividades que se vaian desenvolvendo ao longo do curso.

Propostas de dinamización e promoción dos recursos da biblioteca.



- Seguiremos a dar visibilidade tanto os recursos dispoñibles na biblioteca como os novos fondos.
- Procuraremos que a participación do alumnado prosiga sendo activa nas diferentes actividades promovidas desde a Biblioteca (Club de Lectura, Mercado Solidario, concursos, exposicións, obradoiros ...).
- Darémoslle continuidade aos certames de creación literaria e de ilustración que veñen desenvolvéndose desde hai varios anos, para promover a lectura de textos elaborados polo propio alumnado así como a reflexión sobre o proceso da escrita.
- Continuaremos a colaborar cos distintos departamentos na adquisición de materiais e na realización das distintas actividades.
- Continuaremos a dar a coñecer as normas de funcionamento da Biblioteca, subliñando a conveniencia do seu cumprimento para logramos unha mellor convivencia e eficiencia. Farase especial relevancia no uso didáctico dos ordenadores da biblioteca durante os períodos de recreo do alumnado.
- Fomentaremos que o profesorado empregue os recursos dispoñibles na biblioteca para o desenvolvemento curricular da súa materia.
- Apoiaremos e colaboraremos nos proxectos e actividades que se desenvolvan no centro.
- Seguiremos a contribuir á adquisición das competencias básicas do alumnado e á súa alfabetización múltiple a través das distintas actividades organizadas.

Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

- Daremos a coñecer a Biblioteca ao alumnado novo no centro. Seguiremos propoñendo aos profesores de primeiro curso da ESO que nas primeiras semanas do curso académico visiten, segundo o protocolo establecido, cos seus alumnos a biblioteca para un mellor coñecemento da mesma: presentación de espazos e recursos, información sobre os horarios, o servizo de préstamo, as normas de uso e sobre os fondos (sistema de clasificación e localización). Aproveitaranse estas visitas para facer o carné de lector.
- Continuaremos a ofrecer información, buscando a coordinación co EDNL, sobre concursos de creación literaria dirixidos á comunidade escolar.
- Seguiremos a divulgar e a favorecer o acceso a publicacións electrónicas a través dos nosos blogs, renovando e ampliando os contidos de maneira regular.
- Promoveremos actividades que fomenten o desenvolvemento das TIC (realización de traballos en distintos soportes, busca e selección de información...) e que favorezan a expresión e a



comprensión escrita e audiovisual.

- Manteremos os paneis informativos con noticias literarias, recensión de libros, novidades, efemérides e procuraremos trasladar esta información tamén aos nosos blogs.
- Animaremos os usuarios/as para que nos trasladen as súas recomendacións e suxestións.

Propostas de fomento da lectura e desenvolvemento do proxecto lector de centro

- Proseguiremos cos clubs de lectura como estratexia que permite presentar a lectura como fonte de coñecemento e disfrute, de maneira voluntaria, ao tempo que axudan á socialización arredor da literatura.
- Procuraremos a dinamización da lectura a través de dispositivos dixitais (a biblioteca do noso centro forma parte do proxecto *Lectura dixital ELBE.2*).
- Continuaremos coa promoción da afección á lectura na nosa comunidade educativa a través da suxestión de lecturas e a información de novidades, ben a través dos nosos blogs, ben en espazos especialmente habilitados dentro e fóra da nosa Biblioteca.
- Contribuiremos á divulgación e promoveremos a participación, como nos anos anteriores, nas diferentes actividades relacionadas coa lectura e a creación literaria (e artística, nun sentido amplo) que se organicen nos concellos de onde procede o noso alumnado.
- Realizaremos actividades relacionadas coa lectura e, en xeral, coa creación literaria e artística para promover o desenvolvemento das competencias básicas.
- Continuaremos a facer recomendacións de lecturas para todos os niveis, sempre tendo como referencia ás programacións didácticas e o Proxecto Lector.
- En colaboración cos departamentos didácticos e/ou co Equipo de Dinamización Lingüística organizaremos exposicións temáticas e realizaremos actividades que fomenten a lectura.
- Conmemoraremos datas e feitos relevantes relacionados de maneira xeral coa lectura.
- Publicaremos as mellores creacións dos certames que convoquemos no noso blogue e/ou na revista do Club de Lectura.

Propostas cara a unha biblioteca inclusiva.

- Continuaremos a ofertar recursos variados (acceso ás novas tecnoloxías, e-readers,



exemplares suficientes dos libros obrigatorios,...) para que a comunidade educativa poida acceder a eles independentemente das posibilidades de cada un e contribuir así a paliar as desigualdades.

- Colaboraremos co Departamento de Orientación para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, adquirindo o material axeitado e adecuando as instalacións para que poida facer uso delas en igualdade de condicións que os seus compañeiros e compañeiras.
- Fomentaremos o respecto á multiculturalidade.
- Continuaremos a promover actividades que fomenten a convivencia, o respecto, a integración, o traballo en equipo, a non discriminación e a valoración da diversidade.

Outras actuacións

- Dentro do marco das actividades organizadas polo Club de Lectura, intentaremos de novo organizar para o alumnado participante unha viaxe literaria a lugares vinculados cos textos manexados ou cos seus autores.
- Procuraremos colaborar con outras bibliotecas escolares, bibliotecas públicas da comarca, institucións e asociacións (ANPA) para a realización de actividades, ou para contarmos coa súa participación e/ou apoio nas organizadas desde a nosa Biblioteca.
- Colaboraremos co Club de Lectura na elaboración da revista literaria *El buk de Monchín*.
- Intentaremos realizar un obradoiro de podcasts e continuar co de creación de guións de curtametraxe.

Procedementos de avaliación

- Atenderemos e estudaremos todas as suxestións que nos cheguen.
- Seguiremos a elaborar estatísticas sobre o número de lectores e préstamos, o uso dos fondos da Biblioteca, as suxestións recibidas e a valoración das propostas feitas polo equipo da Biblioteca, para contrastármolas cos de anos anteriores e así poder comprobar cal é a tendencia que seguimos durante este período.
- Continuaremos a valorar o uso da Biblioteca por parte do profesorado como recurso pedagóxico (inclusión no horario escolar; uso dos materiais para a práctica educativa...)



Instituto de
Rúa de José María
Teléfono 881 9
ies.moncho.v



n Secundaria Moncho Valcarce
s/n. 15320 As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)
93 00 64 □ Código 15025694 □ NIF Q-6555531-J
a.es □ edu.xunta.gal/centros/iesmonchovalcarce

- Mediante unha enquisa programada para o mes de xuño coñeceremos a valoración dos usuarios da biblioteca sobre o seu funcionamento.
- Ao finalizar o curso académico, recolleremos nun informe as conclusións derivadas.